

# PLAN DE IGUALDADE

## INTRODUCCIÓN.

“Educar é proporcionar unha formación integral que lles permita a nenas e nenos unha formación plena e que axude a configurar a súa identidade, así como construír unha concepción da realidade que integre á súa vez o coñecemento e a súa valoración ética e moral”.

Coeducar implica educar sen diferenciar as mensaxes en función do sexo. A coeducación é un estilo educativo, un proceso de transformación social que apunta a unha convivencia entre os sexos afastada da opresión mutua e tendente a unha relación de xustiza e respecto e en interese dunha formación integral e unha efectiva igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

A coeducación debe levarse a cabo dende unha perspectiva integral e de xénero, que contribúa a previr todo tipo de situacións de violencia, e en particular de xénero. A coeducación preséntase como unha das ferramentas máis útiles e potentes para acabar coa desigualdade, e a escola constitúe unha plataforma excelente para a superación dos prexuízos sexistas e para acadar un cambio en profundidade das estruturas e das prácticas sociais non desexables, posto que non cabe dúbida de que todo o que ocorre nos colexios é un reflexo do que ocorre na sociedade. Se somos capaces de transmitirle ao alumnado dos nosos centros educativos valores baseados na paz e na igualdade, a sociedade do futuro será pacífica e igualitaria. Se non traballamos por unha verdadeira e efectiva coeducación non conseguiremos unha verdadeira transformación da sociedade e polo tanto unha igualdade real.

É preciso prestar atención ao proceso de convivencia nos centros educativos para conseguir que se valoren de maneira igualitaria as capacidades, os intereses e as achegas das nenas e dos nenos e favorecer as relacións de igualdade e de respecto, o que repercutirá non só nunha mellor convivencia escolar senón tamén nunha sociedade máis igualitaria.

O camiño para avanzar cara a igualdade é a educación. O respecto, a liberdade e a igualdade son tres dos piares básicos. Dende as aulas podemos ensinarlles ás nenas e aos nenos unha visión do mundo e da sociedade libre de prexuízos e estereotipos (I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020)”.

Segundo as directrices da Instrución do 6 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a elaboración de plans de igualdade no curso 2019/2020, nos centros docentes sostidos con fondos públicos de niveis non universitarios da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional; o CEIP CAMPOMAIOR no cumprimento da súa responsabilidade como comunidade escolar e como centro comprometido con todo acto de xustiza social plasmará, a través deste Plan de Igualdade, as liñas de actuación para garantir o principio básico fundamental de respecto á diversidade de xénero e sexual, así como de

educar na igualdade de oportunidades.

O Plan de Igualdade formará parte do Proxecto Educativo do centro, e concretarase anualmente no marcoda súa Programación Xeral Anual.

O Plan de Igualdade fundamentarase nos principios de valores democráticos, transversalidade, inclusión, igualdade de oportunidades e visibilidade.

#### Valores democráticos

A coeducación constitúe un modelo educativo que garante os valores sobre os que se sustentan as sociedades democráticas (igualdade, liberdade, xustiza) pois garante a defensa dos dereitos humanos.

#### Transversalidade

A perspectiva de xénero integrarase no proxecto educativo como estratexia de introdución datransversalidade nas políticas públicas educativas.

#### Inclusión

A aplicación da perspectiva de xénero supón a erradicación de calquera situación de discriminación do alumnado por razón de sexo, xénero, identidade de xénero ou orientación sexual.

#### Igualdade de oportunidades

O centro educativo axuda á construción dunha sociedade libre na que mulleres e homes teñan as mesmasoportunidades de realización persoal e profesional.

#### Visibilidade

O plan de igualdade contribúe a transmitir un coñecemento libre de estereotipos que favorece a identificación e o recoñecemento de todos os saberes máis alá do xénero. O centro educativo conta cun Plan de Convivencia no que se recollen medidas e protocolos para promover a non discriminación sexual ou de xénero.

A través deste Plan de Igualdade, preténdese difundir entre a nosa comunidade escolar os obxectivos en materia de coeducación que rexerán a nosa práctica educativa. No centro, na actualidade, está establecido que a persoa encargada de velar pola igualdade efectiva entre homes e mulleres, é unha mestra que formaparte de Consello Escolar. Pretendemos así contar cunha ferramenta potente para traballar cara unha orientación libre de estereotipos de xénero e tamén que nos axude a elaborar actividades cara a consecución dos obxectivos.

## CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO.

Entre estas características diferenciais atopamos aquelas que teñen que ver coa identidade sexual e de xénero.

Temos así dúas liñas fundamentais na práctica educativa que deben estar presentes en todo momento:

- Por unha banda, dispoñer de mecanismos que leven a concienciar “que toda persoa ten dereito a ser posta en valor independentemente da súa orientación sexual ou da autoconciencia de xénero”.
- Por outra banda, mecanismos que nos permitan axudar cando se produzan situacións que atenten contra este principio.

No CEIP CAMPOMAIOR vense facendo un traballo, neste sentido, que se concretou especialmente no Plan de Convivencia e nas Normas de Organización e Funcionamento.

Tal e como se recolle no Plan de Convivencia, as actuacións desenvolvidas no centro réxense polos seguintes principios:

- “Formación de persoas autónomas e críticas de acordo aos principios de atención á diversidade a fin de acadar o pleno desenvolvemento persoal e a integración social nunha época de profundas transformacións”.
- “Desenvolvemento de actuacións democráticas de acordo ao principios de calidade e equidade, respectuosas coas normas básicas de convivencia”.

Dentro das Normas de Organización e Funcionamento, recóllese como conduta contraria á convivencia:

- “ Os actos de discriminación [...] por razón de sexo, orientación e identidade sexual [...]”.

Dentro da Programación de Aula e do Plan de Acción Titorial está o tratamento desta realidade (a través dos obxectivos e tarefas para o seu desenvolvemento):

- Coñecer as características individuais do alumnado, deseñando e desenvolvendo actuacións que atendan ás necesidades detectadas.
- Fomentar os principios democráticos e a educación en valores, na consecución dunha convivencia eficaz.

E supoñen unha importante vía para a consecución dos obxectivos deste Plan de Igualdade.

Dende o noso centro educativo, estamos inmersos en diferentes actividades, proxectos e dinámicas que fomentan a coeducación e o traballo en equipo, tendo presente a nova situación escolar, como son os seguintes:

Equipos de coordinación docente: todas as propostas que se propoñen son a favor da igualdade de oportunidades para o noso alumnado.

- Biblioteca. Actividades programadas:
  - Ofrecer seleccións e propostas de lecturas para certas conmemoracións e

- efemérides.
- Organizar préstamos ás bibliotecas de aula.
- Valórase a posibilidade de realizar actividades de contacontos, encontros con autores e teatro
- Equipo de dinamización da lingua galega. Actividades programadas:
  - Creación dun blogue de Dinamización na páxina web do centro, onde poida acceder a comunidade educativa (“Tempos traen tempos” ou “cancioneiro”).
  - Repintado dos patios con circuítos e outras actividades que fomenten o xogo individual, promovendo a lingua galega e os xogos tradicionais (para os patios de infantil e primaria).
  - Dotación de xogos que potencien a igualdade de xénero real e que estean libres de estereotipos.
  - Acadar a igualdade de xénero no uso dos espazos comúns de ocio do centro.
- Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares. Actividades programadas:
  - Potenciar a celebración, a nivel de centro ou por aulas/niveis o Día Internacional da Muller (8 de marzo), o Día contra a violencia de xénero ou/e o Día Internacional contra o Acoso Escolar (2 de maio de 2022).
- Equipo de dinamización de TIC. Actividades programadas:
  - Potenciación de actividades interactivas.
  - Configuración, xestión e potenciación da web do centro.
  - Colaboración cos distintos equipos de traballo do centro na realización de conmemoracións.
  - Xestión da aula virtual do centro.
  - Xestión do equipamento informático do centro
- Actividades con asociacións e entidades da contorna.
  - Programación de actividades extraescolares.
  - Formacións para mestres e/ou familias: Ed. Sexual, prevención de suicidio, bienestar emocional...
  - As recollidas nas NOFC do centro.
- Actividades organizadas pola ANPA.
  - Actividades extraescolares que organizará a ANPA serán actividades coordinadas cos equipos de EACE, EDLG, Biblioteca, etc.
  - A ANPA está a disposición do equipo directivo e docente para colaborar en tódalas actividades educativas e lúdicas que nos queiran propoñer.
- Actividades organizadas polo CONCELLO.
  - O concello organizará actividades extraescolares.

Outras actividades a favor da coeducación e da prevención da violencia. Actividades programadas:

- Titorías: conmemoracións establecidas no calendario escolar (Día Universal da Infancia, Día Internacional contra a Violencia de Xénero, Conmemoración da Constitución e do Estatuto de Autonomía, Día da

Declaración Universal do Dereitos Humanos, Día Escolar da non Violencia e da Paz, Día Internacional da Muller, Semana da Prensa, Día Internacional contra o Acoso Escolar...) e calquera outra actividade-plan-proxecto coeducativo que poida xurdir ao longo do curso escolar.

O tratamento da igualdade era e seguirá sendo un pilar do traballo no noso centro educativo.

## **ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE O XÉNERO, COAVIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTIfobia.**

O centro escolariza alumnas e alumnos da zona urbana do concello e de zonas próximas sitas en áreas rurais das parroquias de Ordes (Raxide, Darefe, Vidueiro, Casal, As Casillas, Fraga da Galiña, Guindiboo). O CEIP Campomaioir é un centro de liña 2.

O número de alumnado do centro oscila entre os 245-300 alumnas/os. Un 4% deste alumnado é de orixe estranxeira.

Dende o noso centro, lévase moito tempo traballando a coeducación. Para este fin, participamos en diferentes proxectos e actividades. A través destas actividades, corrobórase a importancia da tarefa da coeducación, xa que seguen moi arraigados os estereotipos de xénero e os papeis de homes e mulleres. Aínda que a situación mellorou sensiblemente, os roles de xénero aínda están moi marcados.

O CEIP CAMPOMAIOR desenvolve dinámicas coeducativas e de fomento da igualdade, que non deben ser únicas actividades puntuais, senón que formen parte da rutina diaria do noso alumnado. Calquera actividade ou xogo pode ser o escenario axeitado para practicar a igualdade de oportunidades.

Pero debemos avanzar un paso máis. A base da educación na igualdade está na formación dunha actitude crítica dende a infancia. Débese valorar moito a etapa de educación infantil e primaria e aproveitar este momento no que se forma a identidade de xénero das persoas, onde se desenvolve a súa personalidade eos seus valores.

## **OBXECTIVOS COEDUCATIVOS QUE SE ABORDAN NO PLAN.**

A partir da análise de contexto exposta no punto anterior establécense obxectivos en relación coa igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, coa violencia de xénero, coa diversidade afectivo- sexual e anteos casos de LGBTIfobia; partindo do seguinte obxectivo xeral:

- Educar e concienciar en materia de igualdade ao alumnado do CEIP CAMPOMAIOR, tanto na etapa de Educación Infantil como na de Educación Primaria.

## PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADE ENTRE MULLERES E HOMES.

- Promover os valores de respecto e igualdade de dereitos e oportunidades para mulleres e homes, sensibilizando ás familias e á comunidade educativa en xeral da necesidade de levar a cabo unha proposta coeducativa.
- Fomentar a igualdade entre nenos e nenas nas distintas tarefas da vida do centro e da súa contorna, fomentando a toma de conciencia de valores igualitarios e adoptando unha perspectiva coeducativa en calquera actividade que desenvolvamos na nosa vida cotiá no centro.
- Coñecer e poñer en práctica unha metodoloxía que propicie a igualdade e a non discriminación, potenciando unhas relacións equitativas onde predomine a afectividade e o trato respectuoso.
- Utilizar unha linguaxe non sexista, non discriminatoria e si inclusiva, nos contextos comunicativos orais e escritos habituais do centro escolar.
- Ofrecer ao noso alumnado modelos libres de estereotipos sexistas, fomentando relacións de autonomía e de intercambio, non de derivación ou de subordinación.
- Identificar e desmontar os estereotipos sexistas e os micromachismos que se dan na sociedade e en especial nas zonas rurais.
- Lexitimar roles e funcións sociais asociadas tradicionalmente ao xénero feminino ou ao xénero masculino, eliminando os estereotipos de xénero.
- Favorecer as relacións baseadas no recoñecemento e liberdade de elección, incidindo no traballo da expresión de sentimentos e emocións, como base para a construción da identidade persoal.
- Achegar claves e ferramentas para favorecer as pautas educativas nas familias, promovendo a asunción de modelos coeducativos que garantan a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

## PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN NOS CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO.

- Promover a formación en prevención de violencia de xénero e igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
- Incidir na educación en valores e resolución de conflitos como medida preventiva á violencia de xénero.
- Acercar ao alumnado á visualización do problema e informar sobre o mesmo para a toma de conciencia, así como os pasos da posterior actuación.
- Potenciar unha actitude creativa que fomente a construción de roles de xénero alternativos. No caso de detección e intervención en casos de violencia de xénero, tal e como recolle o Protocolo de Identidade de Xénero, os plans de convivencia dos centros recollerán o protocolo de prevención, detección e tratamento do acoso e do ciber acoso, e os procedementos para a corrección de condutas contrarias á convivencia, no que se inclúen as condutas de acoso, discriminación, violencia de xénero ou maltrato ao menor transexual.

## PROMOCIÓN DO RESPECTO POLA DIVERSIDADE AFECTIVO-SEXUAL.

- Fomentar, dende unha perspectiva educativa, o coñecemento, a igualdade e o respecto á diversidade en todas as súas formas e, concretamente, con respecto á identidade e/ou á expresión de xénero, promovendo e desenvolvendo actuacións relativas ao fomento da convivencia.

- Educar na diversidade de todas as formas que temos as persoas de vivir a afectividade (a sexualidade) e a familia, dende idades temperás.
- Acercar o concepto de diversidade afectivo-sexual ao alumnado.
- Se é o caso, atender dentro da aula, a diversidade sexual e de xénero do alumnado e/ou das súas familias.

No Plan de Convivencia do noso centro, entroncado co documento das NOF, están establecidas as bases de respecto que deben estar presentes entre os membros da comunidade educativa e por suposto inclúense as relativas á diversidade afectivo-sexual. Ademais, será necesario que no traballo de aula se desenvolvan actividades e actitudes docentes que leven a este fin. Dende o departamento de orientación tamén será importante que se establezan programas de concienciación adaptados segundo o grupo de idade.

Por último, e para que realmente todo o traballo a nivel docente teña éxito, será preciso unha labor a nivelfamilia-escola, pois son as familias as que principalmente perpetúan ou trocan o xeito de pensar do alumnado.

#### PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN NOS CASOS DE LGBTIfobia.

- Promover a igualdade e o respecto cara as persoas independentemente da súa orientación sexual ou identidade de xénero.
- Impulsar a adaptación das diferentes expresións de xénero na comunidade educativa.
- Fomentar o coñecemento da diversidade na identidade e expresión de xénerona comunidade educativa.

#### **MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTEs ÁMBITOS:**

##### ORGANIZACIÓN DO CENTRO.

- Sempre que sexa posible, a representación de homes e mulleres nos órganos de decisión e representación será equitativo.
- Difusión das actividades que se fagan, xa que consideramos que nos colexios fanse cousas realmente boas e de gran valor, pero se non se difunden para todaa comunidade educativa, fanse pouco visibles. Ás nenas e nenos gústalle amosarao exterior todo o que van investigando e aprendendo.
- Importancia de que haxa unha estreita colaboración entre familia-escola-

comunidade educativa. Por este motivo propóñense as seguintes vías de difusión, tratando de utilizar unha linguaxe non sexista e sempre a favor da coeducación: - As familias estarán informadas das actividades relacionadas cos diferentes proxectos do centro a través de: circulares e notas informativas, titorías grupais e individuais e a páxina web do centro.

- Favorecer a participación das familias, de xeito voluntario, na realización de proxectos de temática coeducativa ou de valores en xeral.
- Elaborar materiais editables para enviar ás familias e para expoñer na web do centro coa temática da igualdade de xénero en colaboración co equipo da biblioteca do centro.
- Colaboración coa ANPA do centro para a promoción de actividades e iniciativas que teñan a favor da comunidade educativa, sempre en estreita colaboración e distribución de tarefas.

### ELIMINACIÓN DOS ESTEREOTIPOS DE XÉNERO NA TRANSMISIÓN DOS VALORES E DOS SABERES.

A metodoloxía a seguir para este proxecto será principalmente a de integrar todo este traballo nas aulas, nas materias, sen perder de vista as competencias clave que se traballan en educación primaria.

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos propostos.

Para o desenvolvemento deste plan teremos en conta, como principio, a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todo el e máis unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén.

Na práctica docente incidirase nos seguintes principios:

- Metodoloxía activa, buscando a integración dos/as alumnos/as na dinámica xeral da aulae na adquisición das aprendizaxes.
- Motivación, partindo dos intereses, demandas e necesidades dos grupos.
- Fomento das actividades grupais, co fin de adquirir competencias relacionadas co dominio emocional e habilidades sociais que favorezan o diálogo, a escoita, a cooperación e a confrontación de opinións, promovendo as actitudes de respecto e igualdade.
- Utilización dunha linguaxe sinxela, non sexista, clara e estruturada na presentación das actividades.
- Autonomía na aprendizaxe: procurar que o alumnado aprenda a aprender, participando na planificación e na toma de decisións sobre a aprendizaxe.

Dende o noso centro educativo temos moi claro que a mellor forma de fomentar a igualdade é practicar co exemplo, xa que de nada serve promover o rexeitamento á discriminación de xénero con diferentes actividades coeducativas se no día a día non nos esforzamos por transmitirlos ás nenas/os cos nosos valores, actitudes e formas de expresión.

Por este motivo consideramos tan importante que este plan non quede soamente no centro educativo. Precisamos dunha actuación estreita familia-escola-comunidade educativa-contorna.

Tamén é importante lembrar que, como en calquera ámbito educativo, o reforzo positivo ten moita forza e ofrece moi bos resultados. A atención e o afecto son o mellor



estímulo para que nenos e nenas incorporen os valores de igualdade no seu desenvolvemento.

#### XESTIÓN DOS ESPAZOS, DOS RECURSOS E AS OPORTUNIDADES DE REALIZACIÓN VOCACIONAL DE XEITO INCLUSIVO.

- Proporanse lecturas coeducativas a través da biblioteca escolar na aula.
- Revisarase a idoneidade das entidades colaboradoras co centro en canto ao respecto á diversidade sexual e de xénero.
- Empregaranse contidos de actualidade para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara a igualdade real.
- Promover un patio dinámico, activo e actuando sobre as actividades e a ocupación do patio para favorecer a inclusión, corrixindo as condutas inadecuadas cando sexa preciso e seguindo as instrucións da situación Covid-19.
- Prestarase especial atención sobre o acoso sexual, por razón de sexo, orientación sexual e/ou identidade de xénero.
- Promoverase a participación do sexo menos representado tecnolóxicas, deportivas, artísticas...
- Levarase a cabo un proxecto a nivel de centro, "Donas de si", co fin de dar a coñecer a todo o alumnado o valor da muller así como dos obstáculos que atoparon ao longo da historia.

#### INCLUSIÓN DOS VALORES COEDUCATIVOS NA CONVIVENCIA ESCOLAR.

Promoveranse:

- Actividades de coidado entre persoas.
- O respecto cara a diversidade sexual e de xénero.
- Metodoloxías activas, participativas e cooperativas.
- A corresponsabilidade na realización das tarefas.
- Actividades de intervención social na comunidade educativa.

## SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.

En todo proxecto/plan educativo a avaliación é un elemento moi importante.

<b>Avaliación do Plan de Igualdade</b>
Do proceso de ensino-aprendizaxe: A avaliación é un proceso continuo que debe permitir reflexionar sobre o proceso en todo momento e sobre todo tendo en conta as seguintes consideracións: - Selección e consecución dos obxectivos. - Efectividade das actividades. - Motivación e participación do alumnado. - Agrupamentos establecidos en grupos de traballo nas aulas/desdobres... - Materiais e recursos utilizados.
Instrumentos utilizados: - Cuestionarios ao alumnado. - Cuestionarios ás familias. - Rexistros das/os nenas/os.
Autoavaliación docente.
Os/as mestres/ea deben avaliar a súa práctica docente. A información achegada polo seguimento da aprendizaxe dos/as alumnos/as permitirá determinar a validez das propostas: - Foi correcta a adecuación de contidos para as idades propostas? - Foron reais os obxectivos para os grupos implicados? - Estaban as/os nenas/os motivadas/os grazas á implicación da/o mestra/e? - Consegúin favorecer unha boa convivencia de centro no contexto Covid-19? - Consegúin elevar o interese do alumnado cara a temática de valores e, en especial, os valores de igualdade e respecto?

<i>Rúbrica de avaliación de funcionamento do plan:</i>					
VALORACIÓN	1	2	3	4	OBSERVACIÓNS
Adecuación dos obxectivos.					
Adecuación dos contidos.					
Metodoloxía.					
Idoneidade das actividades de Aprendizaxe para a potenciación da igualdade					

1-Moi adecuados/as. 2-Adecuados/as. 3-Pouco adecuados/as. 4-Nada adecuados/as.

Rúbrica para o alumnado:

Nome:

Curso:

INDICADORES	3	2	1
EMOCIÓNS / SENTIMENTOS	Sabe expresar as súas emocións e sentimentos sen dificultade.	Expresa as súas emocións e sentimentos en determinados contextos.	Rara vez expresa as súas emocións e sentimentos.
LINGUAXE: EXPRESIÓN ORAL	Exprésase oralmente cunha linguaxe non sexista e respectuosa.	Exprésase oralmente cunha linguaxe ás veces inapropiada.	Exprésase oralmente cunha linguaxe inapropiada e irrespectuosa.
LINGUAXE: EXPRESIÓN ESCRITA	Exprésase por escrito cunha linguaxe non sexista.	Exprésase por escrito cunha linguaxe ás veces inapropiada.	Exprésase por escrito cunha linguaxe inapropiada e irrespectuosa.
ACTITUDE CRÍTICA	Defende a súa opinión con argumentos e sempre dende a igualdade de nenas e nenos e o respecto.	Defende a súa opinión con argumentos, pero non sempre mantendo as formas correctas.	Defende a súa opinión con formas incorrectas e sen manter o respecto polos demais.
RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS	Sabe resolver os seus conflitos e mediar coas compañeiras/os para que un problema se solucione.	Sabe resolver os seus conflitos e mediar coas compañeiras/os en determinados contextos.	Non sabe resolver os seus conflitos e mediar coas compañeiras/os para que un problema se solucione.

UTILIZACIÓN DE ESTEREOTIP OS E MICROMACH ISMOS	Identifica os estereotipos de xénero e os micromachis mos e rexéitaos como medio de interacción social.	Identifica os estereotipos de xénero e os micromachis mos e pero non os rexeita como medio de interacción social.	Non identifica os estereotipos de xénero e os micromachism os.
---	---	---	--

## CONCLUSIÓNS.

Vivimos nunha sociedade na que as diferenzas entre as persoas aínda están moi marcadas. Vivimos nunhasociedade na que observamos dende pequenos/as, a través dos distintos medios de socialización, actitudes e formas asociadas á agresión como forma de resolver conflitos que as relacións plantexan.

Estes medios de socialización poden facer que estas formas pervivan, pero a socialización tamén pode valer para combatelas e facelas desaparecer.

Por todo isto é moi importante educar dende moi pequenos/as en valores de igualdade, en actitudes e formas alternativas que fomenten o equilibrio de poder, a corresponsabilidade, o reparto equitativo de ámbitos sociais entre mulleres e homes e, sobre todo, na sensibilización para desmarcarse de estereotipos sexistas que fundamentan a desigualdade de xéneros.

Esta tarefa é moi importante levala a práctica entre todos e todas. De pouco vale ver bos exemplos no colexio se na casa non se respectan, e viceversa. Hoxe, máis que nunca, os/as nenos/as precisan adquirir os valores da coeducación tan importantes para desenvolverse como persoas. E nas nosas mans está axudarlles neste desenvolvemento integral.

Dende o noso centro seguiremos traballando na liña da igualdade, tolerancia e respecto aos demais como base para calquera proxecto que poidamos propoñer, tanto na escola como na vida.